



BOLETIN D'AS FESTAS DE SAN ANTONIO

Monforte, 1º junio de 1900

A COMISIÓN QU' ORGANIZOU
os festexos pra honrar ó grorioso San Antonio

Viva o Santo e coza o forno!.... ¡Ben pol-a vosa monteira!...

Bení: á nai qu' aluméou o mundo, ises seis rapaces que se xuñaron en boa hora pra comunicar á iste durmente pobo o lume d'o seu entusiasmo, remexe que remexe, bûle d' acá pr' alá, aquí ben recibidos, acolá oubindo algúnhia qu' outra xaculatoria ou parolas desairadas, ditas por unhos poucos acérreos e badueiros, fixeron zochal-os cartos que riquirían os gastos pr' as festas qu' n-a honra d'o milagroso e simpático San Antonio d'as Monxas celebrarásse n-esta cibdá, pro con tal esprendor como non se viu n-os anos anteriores.

Y-o gabar os funcionistas pol-a sua delixencia, eraro está que non nos esquecemos d'as catro garfidas ramistas que n-a dita Comisión puxeron tamén corazón e yalma, e pra elas son tamén os nosos laudes.

O resultado qu' ouvieron os rapaciños novos, levando por guía e norma e recurso solamente o outimismo, ou sea, aquela confianza n-a boa estrela qu' aluméa ós que teñen fé, non-o consiguirán os vellos que se supoñen aleucionados pol-a esperencia e levan drento d'a yalma o pesimismo y-a duda qu' arredra e enruga o ánemo ó mais pequeno contratempo.

Pro éles, bale que bule, poñend'os bois antes qu' o carro, é dicir, facendo o programa de festexos antes de ter cartos pra costearlos, atoparon os cartos, pol-a mesm razón de que, co-a perspectiva d' unhas festas que pormetían (e han de dar) advirtención e recreo pra homes e mulleres, vellos e nenos, monfortinos e forasteiros, etc., enrou n-as testas e n-a sangre de todos ese calorciño necesario pra facel-los milagros d'o San Antón qu' hoxe se celebra n-a histórica cibdá que bica o ledo e parleiro río Cabe.

Os homes sesudos e práuticos perguntarán: ¿E ben, qué se consiguiu con qu' as festas en vez de ser d' unha maneira sean d' outra? ¿Medraron por eso as cosechas? ¿Apareceu algúnhia mina d' ouro donde todos poidamos coller as pepitas, guindas n-o saco e esperar, pra vendelas, á qu' a cotización chegú ás nubes?

Non tanto como esto último, pro cuase, cuase; porque, de certa maneira, as festas públicas son pr' algunas pobraciós, que saben facelas con xeito e sin cativez, algo semellante ós dourados filós, posto que, promovendo a concurrencia d' os forasteiros (que non veñen dispostos á pasalo á pan e yaugua y-o que menos trae n-o bolso miles de pesos duros, solo pr' os meúdos gastos), promoven tamén a con-

currencia d' os caitiños que, com' o queixo n-as maus d' os rapaces, vánse esmigallando n-as fondas, pousadas, cafés, tabernas y-outros establecementos, inda que sean aqueles en que se vende o carbón...

E pra demostrar a verdá d' o dito, vamos á sentar unhos datos estadísticos, aprosimados por suposto, qu' é como quen dí «conto ó caso»:

DIÑEIRO QUE DEIXAN OS TRANSEUNTES

Pesos duros.

Os forasteiros que gasten, pouco mais ou menos, cinco pesos diarios.	5.000
Idem os que non pasen de dous pesos.	10.000
Idem id. de un peso	20.000
TOTAL.	35.000

XENTE BENEFICIADA

Os taberneiros, bautizando o viño.	5.000
Panadeiros, quitindolle catro onzas á cada libreta.	2.500
Tablaxeiros, esfolando o tos en vez de teceliros.	2.500
Tenderiros e dulceiros, por poñer plomos debaixo de certo platillo d'a balanza.	2.500
Pescantes, mereando e vendendo o peixe molido.	1.000
As leiteiras, chupando a nata e vendéndo-nos o suero almidonado.	1.000
Comerciantes de texidos, encolleando o con que miden.	8.000
As regateiras d'a praza, metendo nabos por patacas, ortigas por perixel e allos por cebolas.	2.500
Os carreiros, por levantar bultos, trasportalos ou alixciralos.	0 resto
TOTAL.	35.000

(Así se fan todal-as estadísticas e contas administrativas.)

Polos datos asentados, xa comprenderán os leutores qu' as festas ben organizadas, pr' o cual requírense cartos, son un río d' ouro que rega e fertiliza moitas gábeas.

Pol-o demais, os forasteiros, sobre todo os que teñan conocementos arquitectónicos e arqueolóxicos, non perderán aquí o tempo que lles deixen de vagar os moitos e lucidos festexos: podrán admirar a atrevida e forte construcción d' o convento d' a Compañía, os ben combinados órdes arquitectónicos d' a eirexa de San Vicente e d' as Clarisas, o vello torreón feudal, a ponte románica sobre o río Cabe e a maravillosa construcción de Tente n-o aire, ese gran pacio que sirve de matadeiro de reses.... e de matachís.

Pro, co-istas digresiós desvíamonos d' ouxeto d' istes renglós esborranchados, e volvendo sobr' él, diremos que, pol-as trazas, a nova xeneración será a que leve o gato á yaugua en Monforte, é dicir, demonstra ter empuxe e iniciativa pr' acometer aquellas empresas que recruman o atraso moral e intelectual en que nos atopamos e fai qu' ista pobración, en punto á industrias, talleres e hastra primeira enseñanza, esté muy por debaixo d' outras más pequenas.

Animo, rapaces, e co-a vista posta n-o porvir, non abandonedes nunca o camiño d' o progreso..... ¡Por Monforte e por vós! ¡Viva San Antonio e coza o forno! ¡Ben pol-a vosa monteira!

Pol-a opinión xeneral,
A. V. TABOADA

Guía d'o forasteiro en Monforte

MONFORTÉ.—Cibdá hoxe, antigoa vila que n-o tempo d'o feudalismo e antes d' él, n-o d'a Reconquistta escribiu brillantes páxinas na historia d' España. E capital d' o partido xudicial d' o seu nome, conta 4.600 habitantes n o casco d'a pobración e 11.000 en todo o Auntamento; atópase á 50 kilómetros d' a capital, n o medio d'o estenso vall de Lemos e cuase de Galicia, pol-o que lle corresponde a capitalidá de toda a rexión, que se decretará pr' o ano que ven.

Compónese o distrito de catro Auntamentos, que son Bóveda, Pantón, Sober e Saviñao.

Teu R. xistido d'a Propiedá, Xuzgado municipal, Zona de Reclutamento, Cuadro d' o Reximento d'a Reserva, Caixa de Recluta, Adiministración de Correos e idem de Telégrafos.

Divídese en duas parroqueas, Santo Domingo e San Vicente.

Abogados, con ou sin bufete aberto, ten 19. Encuradas, unhas ducias d' éles.

Axentes de negocios 2: Agrimensores 5.

Sociedades de recreo 3 e media, idem de socorro mútno 3.

Unha sola escola pública de nenos; outra de nenas, e un Colexo de primeira e segunda enseñanza agregado ó Istituto provincial.

Hay catro fondas, un qu' outro fondín e pousadas e tabernas á centos.

Conta Monforte con tres imprentas e un preódico que se tira fora.

Frácticas: unha d'a luz elétrica, outra de manteiga, bastantes de chocolate... e paremos de contar e gracias.

Entrase n-esta pobración..... por calquera calle que teña salida ó campo ou ós camiños.

As calles son todas reutas e ben empedradas, e confraneira atopanse nelas moédas de cinco duros Convén entrar mirando ó chau.

Pódese deixar a capa en calquer sitio, seguros de que virá á buscar o dono. As caixas de mistos non.

N o río Cabe pescanse as troitas á calzas enxoitas.

Os viciños d' iste pobo, ó revés de tod' o mundo, gústalle mais o ouro qu' a prata, e a prata más qu' o cobre.

Cuase que todos se chupan o dedo.

Hay outra cousa que non pasa n-o resto d'o mundo, y é qu' as persoas que son altas e fracas non son gordas nin pequenas.

As rapazas hay que mirálas con cristales afumados, com o sol n-o ecliuse, pra que non firan os ollos.

Pra más datos, dirixirse á Mateu o Cunqueiro.

Dou fe:
A. V. TABOADA

PROGRAMA

D' AS CARREIRAS DE BURROS,
REGATAS

E CONCURSO DE BAILARÍS

Os premios señalados pol-a Comisión organizadora d'a loita de doutores, n-a que pode ganarse por facer

ou deixar de facer, son os muy adivirtidos que siguen:
Un de dez pesetas, concedido pol-a sociedá «Casino Tertulia», ó burro (enténdase, ó xinete qu' o monte) que corra menos, despox d' haber dado oito voltas á pista.

Outro premio de cinco pesetas, dado pol-a Comisión, ó burro de mais boas patas, qu' o probe chegado á meta antes qu' os outros.

* * *
Un premio de quince pesetas, costeado pol-o «Casino Tertulia» pr'a lancha mellor empavesada e que primeiro chegue á pilastra d'a ponte en construcción, partindo d'a ponte vella.

Outro premio de cinco pesetas, concedido pol-a Comisión de festexos, pr'a lancha que d' igual xeito faga o recorrido dito, anque ll' aventurexe a pirmiera.

Nota.—Todal-as lanchas que tomen parte deben ter as mesmas condicíos de navegación, quedando pol-o tanto esceutuado o bote qu' está xunto á Presa.

* * *
Un premio d'a Comisión organizadora, consistente n' un «ollo de boi» (vinte reás) pr'a parexa de bailarís que con mais xeito, garbo e sal puntée o churrusqueiro e incomparabre baile gallego, a tipica e rexional MUIÑEIRA.

VIDA E MILAGROS DE SAN ANTONIO DE PADUA

Preto d'o trono de Dios
e sentado á mau dereita,
está aquel Santo varon
qué santificou á terra.

Santo que estando n-o ceo,
témol-c todos tan cerca,
que, por un responso, baixa
e nos liberta d'a pena.

O seu corpo deixou Dios
que vil pólvora se fixera,
menos á sua divina
e convertidora lengua,
qu' aló n-a dichosa Pádua,
a veneración conserva
e pol-os sigros d' os sigros
cantando está a groria eterna..

Entre Dios y-os homes, é
tan grande á sua influenza
que non nega un beneficio
como este Santo interveña.

Dígoa, sinon, a sua hestoria,
de tantos milagros chea,
que parece o fixo Dios
Axente d'a sua cremencia.

Naceu fillo d'a virtú
en que pai e nai naceran,
e deulle Dios mil por ún
d'a aquela herencia paterna.

Doutor xa na Teoloxia
cando o razacino empeza,
mais doutor era rezando
e o fervor qu'o Ceo intresa.

Co-a yalma y-o corazón
acometeu unha empresa:
a de traer ó rebaño
descarriadas ovellas.

Miles d'elas que hoxe pastan
froles d'a celeste esfera,
con seu exemplo e a sua unción
libronnos d'a morte eterna.

O neno que trae no brazo,
mais no corazón o leva
e morrer por El na Cruz
é canto Antonio quixera.

Sufrir todol os doores
d'a Nai que d'o amor é Reina
seria pra él a gloria
con que Dios hoxe ll' o premia.

Levado polo seu celo,
de ganar yalmas á Eirexa
intentou pasar á África,
pero n-o camiño enferma,
porqu' o reservaba Dios
pra facer sua defensa
contra os erexes d' Europa
y-os secuaces d'a Protesta.

Dixolle un herexe un dia:
—Tuas razós non teñen réplica
é si fas solo un milagro
poida que me convenceran.

—Escolle, dixoll' o santo,

ó milagro que tí queiras.
—Pois qu' estando á miña mula,
por non comer mui famenta
se arrodille diante á Hostia,
vendo á cebada á sua veira.

Y-o tal milagro se fixo
diante de Tolosa enteira
e miles d' herexes trouxo
á relixion verdadeira.

Un, que luxara á sua nai
d'un puntapé n'a traseira,
e confessarse co-o Santo
causouelle ó feito tal pena,
que, xa na casa, cortou
o membro con qu' o fixera.

Noticioso d' isto o Santo,
n-o auxilio, con lixeira,
correu d'o qu' arrepintido
se impuxo tal penitencia.

Colleu o pé separado
e xuntándollo co-perna.
quedou ó lixado sano,
como si tal non fixera.

En certo porto de mar,
por non ver quen lle atendera
ó sermon, fixo qu' os peixes,
pra escoitalo, viñeran
á orilla, e con atención
hasatr' acabalo estiveran.
E aquel pobo, qu' era herexe,
todo enteiro fixo enmenda.

Achacouselle unha morte
á seu pai, que non fixera;
en Lisboa, desde Pádua,
n'un instante se presenta.

Protestou diante d' os xueces
d' o pai querido a inocencia,
mais vendo non lle dan creto,
pide que trayan á Audencia
o corpo d' o asesinado;
n-o nome de Dios ll' ordena
que se ergnera e declarará
quén n-aquel trance o puxera,
y-o morto erguese, e con pasmo
d' a xente qu' ali viñera
d' o bon pai de San Antonio
testificou a inocencia.

El é entre todol os santos
que se venera n-a Eirexa
quen más as graciais divinas
fai derramar sobr' a terra.

Cura lixados y-enfermos
y hasatr' a morte d' él s' arredra,
o demo y-o error espanta,
os traballos por él cesan.

Saca os cautivos d' o encerro,
a mar por él asosegá
y-a fame y demais desgracias
qu' o home afrixen, remedia.

O seu amor polos homes
o experimenta calquera,
pois nunca nega favor
á quem devoto lle reza.

A. V. TABOADA

Unha bágoa sobre unha tumba

A ninguén millor qu' o ilustre filho
d'iste pobo, pódolle dedicar os pirmeiros
renglós qu' emborranecho n'iste papel.

D. Maisimino Teixeiro, aquel monfortino
enxebre, que deseaba morrer n-a sua
terriña; aquel gallego ilustre; aquel amigo
d-os probes é pai d-os seus paisanos, aquel
Galeno d'os nosos días, morreu n-a ciudá
de Santiago o día 6 d'iste mes.

Monforte nunca chorará bastante a
perda d' un fillo, cuyo nome era conocido
en todal-as partes, y'á cencia conser-
varálle unha folla de preferencia pra sua
historia.

Monforte debe decir c' o rey sabeo: ¡Ay
meu fillo! (cando lle mataron ó seu) ¡Ay
meu fillo! ¡Alegria d' o meu corazón, et lu-
me d' os meus ollos, solaz d'a miña vellez!
¡Ay meu espello en que me soía ver é con
que tomaba muy gran pracer! ¡Ay meu

herdeiro mayor!! Caballeros ¿hu me lo lei-
xaites? ¡Dádeme meu fillo condes! » Dáde-
me meu fillo Condes! » Dádeme meu fillo,
santiagueses.

* * *
Inda ben non se tivo coñecemento de
tan grande perda, a xente non collía en
sí, y-as conversaciós obrigadas d'os vici-
ños non tiñan outro tema qu' o de recordar
os feitos de D. Maximino, como famili-
larmente lle chamábamos todos.

Tanto n-os Circos como n-as ruas; entr'
a xente de levita como entr' a de cha-
queta ou brusa, non se falaba d' outra
cosa.

O sentimento que reinaba entr' os fi-
llos de Monforte, refrexábase n-a cara.

O Auntamento, convocado á sesión es-
traordinaria pol-o dino Alcalde Sr. Mazai-
ra, nombrou unha Comisión qu' o repre-
sentase n-o fúnebre cortexo, dedicándolle
unha coroa, e suspendeu a sesión en señal
de loito.

Pro esto non chega: é necesario de-
mostrar d' outro xeito o cariño qu' a cibdá
d'o Cabe profesaba ó seu fillo predilecto.

Unha lápida de marmol ou de metal
que, fixada n-a casa en que viu a luz pri-
meira o sabio doutor, o maestro n-a cen-
ciencia, perpetúa á sua memoria será unha
d'as mellores causas que pode acordar o
noso Concello, é demostrará con esto que
non lle son indefrentes as grorias d'os
seus representados, dando así mostras de
cordura é bon sentido, é recordando ás xe-
neraciós próximas qu'alí nacéu un médi-
co que foi envexa d'os d'o seu tempo.

Non desconocemos á situación d'o noso
Auntamento, pro unha lápida com'á que
deixamos apuntada, non ha de apuralo
mais; y'o señor Mazaira demostrarános
e-o esta nova proba de cordura, qu' é dino
alcalde d'un d'os pobos de mais importan-
d'o antigo reino de Galicia.

Esperámolo así de D. Emilio; é men-
tras tanto pedimos á Dios pol'o difunto
D. Maisimino, á vez que pra sua fan-
resignación cristiana, suficiente pra p-
sobrevir á tan grande dolor.

RAMÓN ALVAREZ GARCÍA.

MAIS SOBR' O DOUTOR TEIXEIRO

O Excelentísimo Señor Doutor Don Maisimino
Teixeiro e Fernandez, Reitor da Universidade gallega,
Catedrático da Facultad de Medicina, Caballero Gran
Cruz d' Isabel a Católica, Diputado á Cortes, Senador
que foi d' o Reino y'outros titulos, é mais ben qu' unha
groria gallega, unha groria nacional polos seus non
ben ponderados conocementos científicos, grandes va-
lías e moita nombradía.

Pol-a razón esposta, anqu' a iniciativa salla d' a
mais humilde folla, proponémonos, co-a axuda de
todos, erixirlle unha estatua que debe colocarse n-o
sitio mais vistoso de Monforte, abrindo desde logo
una suscripción por toda España e propoñendo pr'a
Xunta organizadora o mesmo tempo que recentora
d' os fondos ós amigos d' o sabio Doutor, D. Evaristo
Rodríguez, médico; D. Benito Usatorre, abogado, e/o
alcalde D. Emilio Mazaira y-as demais persoas de
quen éles xuzguen que deben asociarse, pra mellor
cimentación d'este proyeuto, á primeira vista atrevid o
e muy facedeiro si se comenza.

RAMÓN ALVAREZ GARCÍA.

INDIVIDUOS QUE COMPOÑEN A COMISIÓN DE FESTAS

Presidente.—D. José Fernández e Fernández.

Secretario.—D. José Rodríguez Martínez.

Tesorero.—D. Dositeo Vilarino.

Contador.—D. Emilio Vilarino González.

Depositario.—D. Manuel Abella.

Vocales.—D. Bautista d'a Peña e D. Leonardo Mollón

SEÑORITAS RAMISTAS

Doña Carolina Lis.—Doña Joaquina Rodríguez Martínez.—Doña Casimira Eiriz.—Doña Manuela Pérez.

Imp. de A. Fernández, Comercio, 19